| | | SLEB5.1 | – Distingue e pronuncia correctamente as vogais abertas e pechadas.<br>- Usa axeitadamente os signos de puntuación ó escribir un texto.<br>- Mostra unha actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>- Saúda, adaptándose ó interlocutor e ó contexto, e recoñece as distintas formas de saudar da xeografía lusófona.<br>- Preséntase e identifícase a si mesmo coas fórmulas e o léxicos precisos.<br>- Afirma ou nega, coas expresións adecuadas, os requirimentos dun interlocutor (a profesora, un/ha alumno/a...). | 5<br>0 | X | X | X | X | X | X | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCE<br>C | CL<br>EOE<br>ECC<br>E |
| | 1 | SLEB1.1<br>SLEB1.2 | - Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, anticipando respostas e inferindo o que non se comprende por medio dos propios coñecementos e da súa experiencia noutras linguas.<br>- Nunha conversa, comprende preguntas ou comentarios sinxelos sobre os seus horarios e hábitos cotiáns e reelabora o dito se se lle solicita. | 1<br>0<br>0 | | X | X | X | | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | E |
| | | SLEB2.1<br>SLEB2.2 | – Fai presentacións breves e estruturadas sobre o seu horario e actividades diarias, tanto as persoais como as relacionadas cos estudos.<br>- Participa en conversas sinxelas nas que se describen as calidades físicas e/ou os trazos do carácter das persoas. | 1<br>0<br>0 | | X | X | X | | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | ECC<br>EO E |
| | | SLEB3.3<br>SLEB3.5 | – Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo, se describen obxectos, persoas, lugares, actividades...; na que se narran feitos ou na que se expresan opinións ou sentimentos.<br>– Comprende información esencial, consultada en páxinas web e outros soportes, sobre os horarios, hábitos e costumes dos distintos países que conforman a Lusofonía. | 1<br>0<br>0 | X | | X | | X | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCE<br>C CD | CL E |
| | | SLEB4.3 | – Escribe, respectando as normas básicas de cortesía, notas e mensaxes en diferentes soportes (comentarios, indicacións...), sobre situacións frecuentes na vida cotiá. | 1<br>0<br>0 | X | | X | | X | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | CL<br>EE<br>E |

| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1ª Avaliación | | SLEB5.1 | – Distingue claramente tódolos sons consonánticos e recoñece as súas agrupacións.<br>- Mostra unha actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>- Recoñece as semellanzas e as diferenzas entre as maneiras de denominar os seus propios hábitos e horarios e os dos países lusófonos.<br>- Describe oralmente e por escrito os trazos dunha persoa, tanto os do seu físico como os do seu carácter.<br>– Sabe completar unha axenda persoal diaria na que aparecen reflectidas as súas actividades en función dun horario. | 5<br>0 | X | X | X | X | X | X | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCE<br>C | CL<br>EOE<br>ECC<br>E |
| | 2 | SLEB1.4<br>SLEB1.5<br>SLEB1.6 | – Entende a información relevante de diferentes xestións cotiás, como alugar unha vivenda e utilizar un medio de transporte.<br>- Comprende, nunha conversa informal na que participa, a descrición dos obxectos ou dos lugares que se mencionan.<br>- Identifica a información xestual e o seu significado en programas de televisión ou similares (cando as imaxes portan o peso da mensaxe). | 1<br>0<br>0 | | X | X | X | | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCE<br>C CD | E<br>TIC |
| | | SLEB2.1<br>SLEB2.3 | - Fai presentacións breves e estruturadas nas que se describen obxectos e lugares e nos que se manifesta con claridade unha orientación espacial.<br>- Desenvólvese oralmente, seguindo as normas de cortesía básicas, en xestións cotiás como alugar un servizo determinado ou empregar un transporte público. | 1<br>0<br>0 | | X | X | X | | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCE<br>C CD | EO<br>ECC<br>E |
| | | SLEB3.1<br>SLEB3.2<br>SLEB3.3 | – Capta o sentido de textos xornalísticos breves de calquera punto da Lusofonía, , en calquera soporte, se a información paralingüística (imaxes, disposición visual, títulos...) ten un peso importante na mensaxe e deixa entrever significados culturais específicos dese país.<br>- Identifica, con apoio en imaxes, instrucións sinxelas sobre actividade a desenvolver na que poidan requirir, se é o caso, unhas normas de seguridade básicas, como a utilización de diferentes medios de transporte.<br>- Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se describen detalladamente obxectos e lugares. | 1<br>0<br>0 | X | | X | | X | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCE<br>C<br>CD | CL<br>E<br>TIC |
| | | SLEB4.1<br>SLEB4.4 | **-** Escribe correspondencia persoal breve coa que dá indicacións sobre un lugar, a súa localización e as súas características.<br>- Escribe correspondencia formal básica e breve, solicitando información sobre os horarios e tarifas dun medio de transporte, respectando sempre as normas de cortesía básicas deste tipo de documentos. | 1<br>0<br>0 | X | | X | | X | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCE<br>C CD | CL<br>EE<br>E |
| | | SLEB5.1 | – Identifica os contextos fonéticos en que unha consoante palataliza e as situacións en que non o fai por fonética sintáctica, e pronuncia correctamente os sons que corresponden en ámbolos dous casos. | 5<br>0 | X | X | X | X | X | X | CCL<br>CD<br>CAA | EOE<br>ECC<br>E |

| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | - Recoñece os diferentes acentos gráficos do portugués e pronuncia correctamente as palabras que os portan en consonancia coa abertura marcada por eles.<br>- Mostra unha actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>- Sabe describir os trazos máis destacados dun obxecto ou dun lugar.<br>- Sabe pedir e dar indicacións, oralmente ou por escrito, sobre como orientarse nunha cidade botando man dos medios de transporte.<br>- Coñece o léxico oral e escrito básico relativo á vivenda. | | | | | | | | CCEC | |

| | | Identificación do estándar (*) | Estándares de aprendizaxe (*) | | Instrumentos de avaliación<br>Proba escrita | Proba oral | Traballo indiv. | Traballo gru. | Caderno | Observ. Clase | Competencias clave | Elementos transversais |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 2ª Avaliación | 3 | SLEB1.1<br>SLEB1.2<br>SLEB1.5<br>SLEB1.6 | – Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, anticipando respostas e inferindo o que non se comprende por medio dos propios coñecementos e da súa experiencia noutras linguas.<br>- Capta a información principal de mensaxes breves emitidas por canles pouco habituais (publicidade de axencias de viaxes, eventos deportivos, espectáculos, etc. ) escoitada pola radio ou por internet.<br>- Comprende a narración de feitos acaecidos, reais (noticia) ou imaxinarios (literarios).<br>- Identifica a información esencial de programas de televisión centrados na descrición física (paisaxe, clima...) e cultural (celebracións, tradicións...) dun determinado lugar da Lusofonía. | 1<br>0<br>0 | | X | X | X | | X | CCL<br>CAA<br>CC<br>CCE<br>C<br>CD | TIC<br>E |
| | | SLEB2.1<br>SLEB2.2<br>SLEB2.3 | – Fai presentacións breves e estruturadas sobre como organiza temporalmente o seu tempo libre e sobre como organizaría as súas vacacións ideais.<br>- Participa en conversas sinxelas nas que intercambia información sobre propostas de lecer propias da súa idade.<br>- Desenvólvese oralmente, seguindo as normas de cortesía básicas, en xestións cotiás relacionadas coas viaxes e co lecer. | 1<br>0<br>0 | | X | X | X | | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | EO E<br>ECC |
| | | SLEB3.1<br>SLEB3.2<br>SLEB3.3<br>SLEB3.5 | – Capta o sentido de textos publicitarios sobre un determinado lugar se a información paralingüística (imaxes, disposición visual, títulos...) ten un peso importante na mensaxe.<br>– Identifica, con apoio en imaxes, instrucións sinxelas sobre o funcionamento dun servizo de lecer.<br>- Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se describen algunhas das celebracións propias das distintas comunidades lusófonas.<br>- Comprende información esencial, consultada en páxinas web e outros soportes, sobre as tradicións dos países lusófonos. | 1<br>0<br>0 | X | | X | | X | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | CL<br>TIC |

| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | SLEB4.1<br>SLEB4.3<br>SLEB4.4 | – Escribe correspondencia persoal breve coa que acepta ou rexeita ofrecementos publicitarios relacionados coas *férias* e coas actividades que se adoitan desenvolver nese período (deportivas, de lecer...).<br>- Escribe, respectando as normas básicas de cortesía, notas e mensaxes en diferentes soportes centradas na distribución temporal dunha actividade cotiá (escolar, persoal, deportiva...).<br>- Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a unha oficina de turismo, solicitando información sobre unha estancia nalgún lugar da xeografía lusófona, respectando sempre as normas de cortesía básicas deste tipo de documentos. | 100 | X | | X | | X | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | CL<br>EE<br>ECC |
| | | SLEB5.1 | – Recoñece os fonemas nasais na lingua oral e pronúnciaos correctamente.<br>- Sabe acentuar, cando menos, as palabras agudas e os monosílabos que o precisan.<br>- Mostra unha actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>- Identifica as semellanzas e as diferenzas lingüísticas entre o portugués e as linguas que coñece no tocante á denominación das celebracións e tradicións propias e as dos países lusófonos.<br>- Sabe describir, oralmente e por escrito, unha actividade de lecer propia da súa idade.<br>- Coñece o léxico esencial das actividades deportivas, das vacacións e do lecer.<br>- Manexa con soltura as locucións temporais no relato das súas actividades cotiás ou extraordinarias (vacacións...). | 50 | X | X | X | X | X | X | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | EOE<br>CL<br>ECC<br>E |
| | 4 | SLEB1.1<br>SLEB1.3<br>SLEB1.4<br>SLEB1.6 | – Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, anticipando respostas e inferindo o que non se comprende por medio dos propios coñecementos e da súa experiencia noutras linguas.<br>- Nunha conversa, comprende unha petición de indicacións con distintos tipos de preguntas sinxelas (fórmulas de interrogación).<br>- Entende a información relevante de diferentes xestións cotiás (facer unha compra, comer nun restaurante...).<br>- Identifica a información esencial de programas de televisión centrados na alimentación ou na gastronomía cando as imaxes portan gran parte da mensaxe. | 100 | | X | X | X | | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | E<br>TIC |
| | | SLEB2.1<br>SLEB2.2<br>SLEB2.3 | - Fai presentacións breves e estruturadas sobre a súa alimentación habitual.<br>- Participa en conversas sinxelas nas que pide e/ou ofrece indicacións (sobre a comida dun restaurante, por exemplo) e nas que expresa a súa opinión (sobre unha preparación culinaria...).<br>- Desenvólvese oralmente, seguindo as normas de cortesía básicas, en actividades cotiás como a compra de alimentos. | 100 | | X | X | X | | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | EO<br>ECC<br>E |
| | | SLEB3.1<br>SLEB3.2<br>SLEB3.3<br>SLEB3.5 | - Capta o sentido de textos instrutivos (receitas de cociña), se a información paralingüística (imaxes, disposición visual, títulos...) ten un peso importante na mensaxe.<br>- Identifica, con apoio en imaxes, instrucións sinxelas sobre unha preparación culinaria.<br>- Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se expresan opinións sobre un produto de alimentación ou un prato típico dos países lusófonos.<br>- Comprende información esencial en temas relacionados coa alimentación consultados en páxinas web e outros soportes. | 100 | X | | X | | X | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | CL<br>TIC<br>E |

| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | SLEB4.2<br>SLEB4.3<br>SLEB4.4 | - Completa cuestionarios sinxelos sobre os seus hábitos e preferencias no relativo á alimentación.<br>- Escribe o menú completo dun día botando man do léxico aprendido.<br>- Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a un restaurante, solicitando información sobre a súa oferta gastronómica. | 100 | X | | X | | X | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CC<br>C<br>CD | EE<br>CL<br>ECC |
| | | SLEB5.1 | - Acentúa correctamente as palabras graves eesdrúxulas.<br>- Identifica determinados alimentos ou preparacións culinarias cos seus respectivos países ou territorios dentro da Lusofonía.<br>- Mostra unha actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>- Identifica as diferenzas e as semellanzas entre o portugués e as linguas que coñece no tocante á denominación dos alimentos e das comidas. Identificación de “falsos amigos” galego-portugués-castelán.<br>- Expresa a despedida de diversos modos, oralmente e por escrito.<br>- Coñece e manexa o léxico básico correspondente á alimentación, ás compras e á gastronomía.<br>- Relata feitos, reais ou ficticios, acontecidos no pasado, usando tempos diferentes e respectando a súa *consecutio temporum*. | 50 | X | X | X | X | X | X | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | CL<br>EOE<br>TIC E<br>C<br>E |
| | 5 | SLEB1.1<br>SLEB1.2<br>SLEB1.3<br>SLEB1.6 | - Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, anticipando respostas e inferindo o que non se comprende por medio dos propios coñecementos e da súa experiencia noutras linguas.<br>- Capta a información principal de mensaxes breves, emitidas por canles pouco habituais (megafonía, teléfono...), nas que se realicen indicacións de acceso ou negación do mesmo a un recinto (prohicións, normas de uso dunha instalación, requisitos para a realización dunha actividade...).<br>- Nunha conversa, comprende preguntas ou comentarios sinxelos sobre as súas preferencias e reelabora o dito se se lle solicita.<br>- Identifica a información esencial de programas de televisión dedicados a lugares destacados da xeografía lusófona e comprende en liñas xerais un parte meteorolóxico. | 100 | | X | X | X | | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | TIC<br>E |
| | | SLEB2.1<br>SLEB2.2 | - Fai presentacións breves e estruturadas sobre síntomas dunha doenza leve.<br>- Participa en conversas sinxelas nas que intercambia información sobre hábitos saudábeis e expresa a súa vontade ou a intención de coidar o propio corpo. | 100 | | X | X | X | | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | EO<br>E |
| | | SLEB3.1<br>SLEB3.2<br>SLEB3.4<br>SLEB3.5 | - Capta o sentido de textos informativos, en calquera soporte, sobre lugares representativos dos países lusófonos, se a información paralingüística (imaxes, disposición visual, títulos...) ten un peso importante na mensaxe.<br>- Identifica, con apoio en imaxes, instrucións sinxelas sobre a administración dun medicamento ou dun tratamento de saúde.<br>- Entende o esencial de correspondencia formal na que se tratan asuntos relacionados coa saúde (pedir unha cita médica, describindo os síntomas polos que a precisa...).<br>- Comprende información esencial en temas relacionados coa saúde consultados en páxinas web e outros soportes. | 100 | X | | X | | X | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | CL<br>TIC<br>E |

| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | SLEB4.2<br>SLEB4.3 | - Completa cuestionarios sinxelos sobre os propios hábitos e sobre o coidado da saúde.<br>- Escribe, respectando as normas básicas de cortesía, notas e mensaxes en diferentes soportes facendo recomendacións sobre unha vida máis saudábel. | 100 | X | | X | | X | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | CL<br>EE<br>ECC |
| | | SLEB5.1 | - Distingue e pronuncia correctamente as vogais abertas e pechadas e distingue esa abertura na escrita cos acentos pertinentes.<br>- Participa no proxecto plurilingüe *EU QUERO...*(exposición de fotografías seleccionadas para ilustrar o tema), sobre as distintas maneiras de expresar a preferencia, a vontade e o afecto tanto nos países lusófonos como nas linguas que o alumnado coñece. Nesta unidade didáctica o traballa será de recompilación lingüística (coa axuda do profesorado das distintas linguas que se estudan no centro) e de procura de imaxes idóneas.<br>- Mostra unha actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>- Coñece e usa correctamente o léxico oral e escrito relativo á saúde e os coidados físicos elementais, así como o relacionado co tempo meteorolóxico e a súa incidencia na saúde.<br>- Distingue, oralmente e por escrito, os matices aspectuais dunha acción (se rematou ou aínda dura; se está comezando ou non chegou a facelo...).<br>- Emprega correctamente as perífrases verbais obrigativas (*ter de...*) e usa fórmulas de cortesía relacionadas coa posibilidade (*É possivel...*+pres. conj.). | 50 | X | X | X | X | X | X | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | CL<br>EOE<br>TIC<br>ECCE |

| | UNIDADE DIDÁCTICA | Identificación do estándar (*) | Estándares de aprendizaxe (*) | Mínimo | Instrumentos de avaliación | | | | | | Competencias clave | Elementos transversais |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | Proba escrita | Proba oral | Traballo indiv. | Traballo gru. | Caderno | Observ. Clase | | |
| | 6 | SLEB1.1<br>SLEB1.2<br>SLEB1.3<br>SLEB1.4<br>SLEB1.5<br>SLEB1.6 | - Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, anticipando respostas e inferindo o que non se comprende por medio dos propios coñecementos e da súa experiencia noutras linguas.<br>- Capta a información principal de mensaxes breves, escoitadas en audio, nas que se poden apreciar os difrerentes tonemas da Lusofonía.<br>- Nunha conversa, comprende preguntas ou comentarios sinxelos sobre as súas relacións interpersoais (familia, amigos, comunidade escolar...).<br>- Entende a información relevante de actividades cotiás, como facer uso das novas tecnoloxías (seguir as pautas da professora no uso do ordenador).<br>- Comprende, nunha conversa informal na que participa, posturas como a aceptación ou o rexeitamento ante unha determinada proposición.<br>- Identifica a información esencial de programas de televisión ou similares cando as imaxes portan gran parte da mensaxe (publicidade). | 100 | | X | X | X | | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | E<br>TIC |

| | | | | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | SLEB2.1<br>SLEB2.2<br>SLEB2.3<br>SLEB2.4 | - Fai presentacións breves e estruturadas sobre os seus gustos e preferencias persoais.<br>- Participa en conversas sinxelas nas que intercambia información, expresa opinións sinxelas ou discute, usando perífrases de posibilidade, obrigativas, etc., sobre os pasos a seguir na actividade grupal do proxecto *EU QUERO...*<br>- Desenvólvese oralmente, seguindo as normas de cortesía básicas, en xestións cotiás como preguntar por unha exposición nun museu, polos contidos dunha nova materia académica...<br>- Desenvólvese o suficiente nun debate na aula sobre a a educación, expresando a súa opinión ou reaccionando verbalmente ante as dos seus interlocutores/as (o resto do alumnado). | 10<br>0 | | X | X | X | | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | EO<br>EC<br>C E |
| | | SLEB3.1<br>SLEB3.2<br>SLEB3.3<br>SLEB3.4<br>SLEB3.5 | - Capta o sentido de textos xornalísticos breves, nomeadamente os publicitarios e os de opinión, nos que se exprese aprobación, rexeitamento ou preferencia por un determinado tema.<br>- Identifica, con apoio en imaxes, instrucións sinxelas sobre o funcionamento e as utilidades prácticas para a aprendizaxe dun teléfono móbil.<br>- Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala das relacións interpersoais e das súas diferenzas no conxunto dos países lusófonos.<br>- Entende o esencial de correspondencia formal na que se tratan asuntos relacionados coa vida escolar (tramitar unha bolsa, un curso...).<br>- Comprende información esencial en temas relacionados coas novas tecnoloxías consultados en páxinas web e noutros soportes. | 10<br>0 | X | | X | | X | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | CL<br>E<br>TIC |
| | | SLEB4.1<br>SLEB4.2 | - Escribe correspondencia persoal breve coa que inicia e mantén contacto, vía e-mail, con estudantes portugueses da súa idade.<br>- Completa cuestionarios sinxelos sobre si mesmo nos que reflicte con claridade -completándoos con notas, se for preciso-, os seus gustos, preferencias e opinións sobre temas xerais. | 1<br>0<br>0 | X | | X | | X | X | CCL<br>CAA<br>CSC<br>CCEC<br>CD | CL<br>EE<br>E<br>TIC |
| | | SLEB5.1 | - Recoñece, oíndoos, os diferentes tonemas da Lusofonía e asóciaos ós seus respectivos territorios.<br>- Redacta textos correctos desde o punto de vista ortográfico e/ou corrixe espontaneamente os erros deste tipo nas actividades escritas da clase.<br>- Mostra unha actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.<br>- Participa no proxecto plurilingüe *EU QUERO...*(exposición de fotografías seleccionadas para ilustrar o tema), sobre as distintas maneiras de expresar a preferencia, a vontade e o afecto tanto nos países lusófonos como nas linguas que o alumnado coñece. Nesta unidade didáctica completaranse as pescudas lingüísticas do *EU QUERO*... con temas universais (a solidariedade, o amor polos demais...) e montarase finalmente a exposición en paneis para compartila co resto da comunidade educativa.<br>- Nunha conversación con outro alumno/a, acepta unha proposición, rexéitaa, pon obstáculos, mostra reticencias, dúbidas..., botando man sempre das expresións estudadas na aula nesta unidade e no resto do curso (secuencias de (re)afirmación, concesivas, disxuntivas, negativas, categóricas...). | 5<br>0 | X | X | X | X | X | X | CCL<br>CD<br>CAA<br>CCEC | CL<br>EOE<br>ECC<br>TIC E |

## 5.2.3. Mínimos esixíbeis para 4º de ESO.

| Criterios de avaliación | Estándares de aprendizaxe | C_clav<br>e | Mínimos esixíbeis |
|---|---|---|---|

| | | | |
|---|---|---|---|
| B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais, ou os detalles relevantes do texto.<br><br>B1.2. Identificar a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves e ben estruturados, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos e articulados a velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que versen sobre asuntos cotiáns en situacións habituais ou sobre temas xerais ou do propio campo de interese nos ámbitos persoal, público e educativo, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.<br><br>B1.3. Comprender o esencial en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais básicos,lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades cotiás, etc.), sempre que se fale con lentitude e con claridade.<br><br>B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre descricións, narracións, puntos de vista e opinións relativos a temas frecuentes e de necesidade inmediata relativas ao ámbito persoal, sempre que se fale con lentitude, articulando de forma clara e comprensíbel, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.<br><br>B1.5. Comprender o sentido xeral e Información moi relevante e sinxela de presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre temas familiares e predicíbeis, previamente traballados, de programas de televisión tales como boletíns meteorolóxicos ou informativos, sempre que as imaxes porten gran parte da mensaxe. | SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso: facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.<br><br>SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientábeis de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.<br><br>SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro de estudos), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e académicos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicíbeis relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.<br><br>SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros de estudos), sempre que se fale amodo e con claridade.<br><br>SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.<br><br>SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiáns ou do seu interese familiares e predicíbeis articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe. | CCL,<br><br>CA A,<br><br>CSC,<br><br>C<br><br>CEC,<br><br>CD | – Demostrar constancia no esforzo por comprender o que non se coñece, adiantándose ó que segue (palabra, frase, idea...) e recorrendo ás linguas que se dominan para concluír a anticipación da mensaxe final.<br><br>– Entender a información máis importante de textos orais breves emitidos a través de distintos soportes (gravacións, teléfono...).<br><br>– Comprender nunha entrevista formal o que se pregunta sobre datos persoais, intereses (académicos ou persoais), preferencias...<br><br>– Entender o que se lle di en transaccións cotiáns, como utilizar o transporte, facer uso de instalacións deportivas ou de lecer...<br><br>– Comprender nunha conversa informal, o esencial dunha opinión ou da descrición que fai o interlocutor dalgún asunto da vida práctica (onde comer en Lugo e por qué, por exemplo).<br><br>– Captar a información máis importante de programas de televisión, apoiados en grande medida na imaxe, como as noticias ou carentes dela se o tema é próximo en canto a intereses ou contacto persoal (un debate sobre educación, por exemplo). |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B2.1. Pronunciar de xeito intelixíbel, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitarr epeticións para entender a mensaxe.<br><br>B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves e de estrutura simple e clara, utilizando, entre outros, procedementos como a adaptación da mensaxe a patróns da primeira lingua ou outras, ou o uso de elementos léxicos aproximados, se non se dispón doutros máis precisos.<br><br>B2.3. Intercambiar de xeito intelixíbel información sobre transaccións e xestións cotiás moi habituais, usando un repertorio básico de palabras e frases simples memorizadas, e facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se lle repita ou repetir o dito.<br><br>B2.4. Producir textos breves e comprensíbeis, tanto en conversa cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro neutro ou informal, cunha linguaxe sinxela.<br><br>B2.5. Dar, solicitar e intercambiar información sobre temas de importancia na vida cotiá e asuntos coñecidos ou de interese persoal, educativo ou ocupacional, e xustificar brevemente os motivos de determinadas accións e plans, aínda que ás veces haxa interrupcións ou vacilacións, resulten evidentes as pausas e a reformulación para organizar o discurso e seleccionar expresións e estruturas, e a persoa interlocutora teña que solicitar ás veces que se lle repita o dito. | SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsíbeis breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.<br><br>SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, en que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.<br><br>SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.<br><br>SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita. | CCL,CAA,<br><br>CSC,CCEC,<br><br>CD | – Facer presentacións estruturadas sobre temas de interese persoal e responder as preguntas que o resto da clase lle formula.<br><br>– Participar habitualmente en conversas informais, intercambiando información e expresando as opinións propias, así como dando<br><br>– Indicacións ou ofrecéndollas ó seu interlocutor.<br><br>– Discutir con outros interlocutores ata lograr unha posta en común sobre o desenvolvemento dunha determinada actuación (como montar unha escena teatral, por exemplo).<br><br>– Desenvolverse con soltura, seguindo as normas de cortesía pertinentes, en xestións orais da vida cotiá: preguntar por horarios dun medio de transporte; pedir indicacións e suxestións para viaxar a un determinado lugar; comprar unha entrada para unha actividade de lecer...<br><br>– Intervir nunha conversa formal achegando oralmente datos sobre si mesmo/a e emitindo opinións breves e sinxelas sobre temas xerais que se lle propoñen, ou responder a comentarios dados argumentado unha visión diferente do asunto que se está a tratar. |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B3.1.Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis Importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.<br><br>B3.2.Seguir instrucións e consignas básicas sinxelas e predicíbeis, referidas a necesidades inmediatas, e con apoio visual.<br><br>B3.3. Comprender información relevante e previsíbel en textos descritivos ou narrativos breves, sinxelos e ben estruturados, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.<br><br>B3.4. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, tanto en formato impreso como en soporte dixital, breves e ben estruturados, escritos nun rexistro formal ou neutro, que traten de asuntos cotiáns, de temas de interese ou relevantes para os propios estudos e as ocupacións, e que conteñan estruturas sinxelas e un léxico de uso común. | SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.<br><br>SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.<br><br>SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.<br><br>SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).<br><br>SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles. | CCL,<br><br>CA A,<br><br>CSC,<br><br>C CEC,<br><br>CD | – Entender unha noticia dun medio de comunicación cando esta vai acompañada de datos significativos a simple vista ou apoiada en imaxes.<br><br>– Seguir, co apoio de imaxes, as instrucións de funcionamento de aparellos de uso cotián (un forno eléctrico).<br><br>– Comprender textos nos que se describe unha paisaxe, un obxecto que non está á vista ou unha persoa.<br><br>– Ser quen de percibir os sentimentos que se reflicten nun texto literario en primeira persoa.<br><br>– Entender a información máis relevante de textos formais relacionados cos propios intereses (unha estadía de estudos nalgún país lusófono, un curso de formación, unha actividade cultural...).<br><br>– Captar información específica en páxinas web ou noutros materiais sobre asuntos propios da súa idade (como estudan os adolescentes na Lusofonía, por exemplo). |

| | | | |
|---|---|---|---|
| B4.1. Aplicar estratexias básicas para producir textos (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), a partir de modelos ben estruturados e traballados previamente.<br><br>B.4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.<br><br>B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións moi básicas relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.<br><br>B4.4. Producir textos curtos a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como mediación lingüística, de ser o caso (adecuado ao seu nivel escolar), e amosando interese pola presentación limpa e ordenada do texto.<br><br>B4.5. Escribir, en papel ou en soporte electrónico, textos breves, sinxelos e de estrutura clara sobre temas cotiáns ou do propio interese, nun rexistro formal ou neutro, utilizando adecuadamente os recursos básicos de cohesión, as convencións ortográficas básicas e os signos de puntuación máis comúns, cun control razoábel de expresións e estruturas sinxelas e un léxico de uso frecuente. | SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.<br><br>SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).<br><br>SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.<br><br>SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada. | CCL,<br><br>CA A,<br><br>CSC,<br><br>C CEC,<br><br>CD | – Escribir correspondencia persoal con persoas de países lusófonos cos que intercambia información sobre as respectivas comunidades.<br><br>– Argumentar unha opinión baseándose nas propias preferencias (tema-exemplo: aldea/vila/cidade: onde é mellor vivir).<br><br>– Completar unha ficha de subscrición a unha publicación ou a unha actividade deportiva ou de lecer.<br><br>– Redactar, respectando a cortesía básica, notas ou mensaxes breves a modo de avisos ou recomendacións sobre a época do ano na que se está vivindo (recomendacións gastronómicas, eventos culturais; celebracións tradicionais...).<br><br>– Escribir unha carta, en calquera soporte, ó concello da vila solicitando información sobre a actividade cultural prevista para o ano 2017. |
| B5.1. Discriminar patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación de uso máis común, recoñecendo os seus significados evidentes, e pronunciar e entoar de xeito claro e intelixíbel con razoábel comprensibilidade, malia o acento estranxeiro moi evidente ou erros de pronuncia que non interrompan a comunicación, e que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións de cando en vez.<br><br>B5.2. Recoñecer e utilizar as convencións ortográficas básicas, tipográficas e de puntuación, así como abreviaturas e símbolos de uso común, e os seus significados asociados, con corrección suficiente para o seu | SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixíbeis no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.<br><br>SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.<br><br>SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados | CCL,CD,<br><br>CAA,CCEC | – Pronunciar con nitidez tódolos sons do portugués, identificándoos coas súas posíbeis grafías e dominar os cambios producidos neles por fonética sintáctica, como evitar, á hora de ler, a palatalización do ese ante unha palabra que empeza por vogal.<br><br>– Usar correctamente, na lingua oral e na escrita, as fórmulas de cortesía e de tratamento, tanto nas actividades diarias da aula coma nas posíbeis actividades extraescolares (visita a Portugal).<br><br>– Anticipar hipóteses sobre significados recorrendo ó<br><br>– Coñecemento de linguas do seu dominio afíns ó portugués (galego, castelán e francés). |

| | | | |
|---|---|---|---|
| nivel escolar.<br><br>B5.3. Utilizar para a comprensión e a produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos de estudo e de traballo, actividades de lecer, incluídas manifestacións artísticas como a música ou o cine), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no traballo, no centro educativo, nas institucións, etc.), e convencións sociais (costumes e tradicións), respectando as normas de cortesía e máis básicas nos contextos respectivos.<br><br>B5.4. Producir textos e inferir o significado probábel de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.<br><br>B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.<br><br>B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos destas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión); utilizar un repertorio léxico suficiente para comunicar, e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na aula previamente. | tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.<br><br>SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.<br><br>SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente. | | – Participar nos proxectos plurilingües do centro de carácter transversal (neste curso, alimentación saudábel e convivencia con outras culturas).<br><br>– Intervir fluidamente e de forma habitual en diálogos nos que se interactúe co resto do alumnado da clase: pedir un obxecto e agradecer que se lle deixe; desculparse, dar unha información ó grupo, solicitar axuda, preguntar por un problema, celebrar algo conxuntamente... |

# 6. Metodoloxía.

As orientacións metodolóxicas teñen como obxectivo fundamental contribuír a que o alumnado desenvolva a competencia comunicativa, a través das catro destrezas básicas: comprensión oral, comprensión escrita, produción oral e produción escrita. Farase especial énfase na comunicación oral, que debe ter como referente situacións comunicativas variadas, dentro de contextos debidamente adaptados a cada nivel de aprendizaxe. Os intercambios comunicativos daranse en dous tipos de situacións: as habituais de clase e as creadas pola docente. Para iso, resulta imprescindíbel realizar un esforzo na práctica docente pois as circunstancias médicas especiais que obrigan a levar máscara o que, en certo modo, dificulta a análise e reprodución oral. Con todo, queremos asegurar que fica no primeiro plano a adquisición de destrezas orais, como alicerces básicos da comunicación.

Fomentar a participación oral é un obxectivo que consideramos doado debido á proximidade da nosa lingua e a portuguesa: así desde os primeiros días de aulas, o alumnado xa é quen de expresarse en portugués. No inicio da aula preparámolos ante o tema cunha "sensibilización" que nos permita introducir o texto ou mostra real do que derivará a clase. Tras a audición ou lectura por parte dos alumnos (Comprensión escrita ou oral) a profesora convida ao alumnado a expresar as súas reaccións ante a mostra, as súas opinións, a súa comprensión... consultando dúbidas e será desas dúbidas de onde se deriven as explicacións que sexan necesarias, e mesmo os exercicios gramaticais. Así, ao longo de cada unidade, sen seguir unha orde estrita, traballaremos: Comprensión Oral e Escrita; Expresión Oral e Escrita e Interacción. Con este obxectivo realizaranse, ademais de probas escritas, probas orais que valoren o esforzo e o progreso e motiven para continuar desenvolvendo a súa competencia oral. Con todo, as primeiras leccións dedicaranse a proporcionar unha base gramatical que lles axude a confiar na posibilidade de formular actos de fala correctamente.

Tentaremos tratar e recoñecer o erro como parte integrante e orientadora do proceso de aprendizaxe e como algo natural. As actividades de aprendizaxe constitúen o núcleo da planificación didáctica e nelas intégranse os obxectivos, contidos e avaliación. No deseño das actividades hai que ter en conta as etapas para seguir no seu desenvolvemento, os coñecementos do alumnado, o tratamento da lingüística, destrezas

e estratexias, os logros finais que se pretenden conseguir e as posibilidades de adaptación á diversidade da aula.

O método que utilizamos pretende que o alumno aprenda as novas estruturas e o novo vocabulario dunha forma funcional. O obxectivo de cada unidade é sempre dar información sobre diferentes aspectos da cultura e a vida cotiá portuguesa; e coñecendo a cultura, costumes e tradicións portuguesas, os alumnos e as alumnas terán que usar as estruturas e o vocabulario aprendido para comparar a cultura estranxeira coa propia, valorando os moitos elementos que temos en común. Teñen gran protagonismo os textos que proporcionaremos, desde cartas ata planos de cidades ou billetes de transportes públicos; que a profesora poderá completar con outros materiais reais que considere oportunos e teña á súa disposición (xornais, por exemplo). Pero, dada a prioridade que concedemos á oralidade, faise indispensábel a actuación da profesora, que debe preocuparse pola correcta e clara articulación das palabras. Os xestos, a repetición, a boa articulación.... serán axudas para os alumnos. Proporcionaremos tamén exercicios para traballar sobre as estruturas gramaticais e o vocabulario aprendidos na aula, así como audicións para apoiar o traballo de comprensión oral. Ao longo das unidades, traballaremos con textos para completar, avaliando e adestrando a comprensión do alumno.

Nunha lingua é fácil que todo o que se dea supoña un repaso ao aprendido anteriormente, pero neste ano concreto, tamén contamos cunha Unidade de Revisión de toda a materia que non puido ser explicada no curso anterior (3º ESO).

Pola súa banda, cada unidade conta ademais cun apartado de Fonética, que tenta chamar a atención sobre a pronuncia peculiar dalgúns grafemas do portugués, sobre os que o alumno xa pode levar a súa atención. Así mesmo, elaboraremos un apéndice gramatical que sintetice de maneira esquemática os aspectos novos de cada unidade.

Co obxectivo de reforzar o aprendido en clase, e avanzar ao mesmo tempo, propóñense exercicios como Traballo para casa, e redaccións periódicas. Por suposto, a corrección destes exercicios faise de maneira común, en clase, participando todos niso.

As unidades están repartidas de maneira que a partir de diálogos (auditivos, en moitos casos) ou textos escritos, preséntanse os diferentes aspectos gramaticais e o vocabulario. As formas gramaticais extráense do texto e exercítanse ata a mecanización,

con exercicios de pechados a abertos. O mesmo ocorre coa oralidade, búscase a interacción verbal profesora-alumnado ou alumno-alumno; a partir de temas suxeridos nas mostras reais de fala, con preguntas directas, por exemplo; ou suscitando debates; sempre orientados ao uso das novas estruturas gramaticais. En canto ao vocabulario, irase repetindo nas diferentes actividades de clase, e trátase de que a profesora os destaque e lembre, con sinónimos, antónimos ou algún tipo de explicación, utilizando tamén a proximidade co galego para a súa reflexión.

En definitiva, trátase dunha metodoloxía moi activa e participativa, en que a profesora é mera "facilitadora" de aprendizaxe, que ten que conseguir a motivación no alumnado con estratexias e recursos atractivos. Por tanto, as actividades complementarias como uso de audicións, audicións, xogos dramáticos, material lúdico e, como non, a introdución das TICs contribuirá ademais da reforzar a aprendizaxe, a fomentar o interese pola materia. Son de grande interese para o traballo na aula, algúns sites vinculados coa docencia do portugués na Galiza: ademais do citado de Docentes de Português na Galiza, son de interese A língua no estendal, http://www.agal-gz.org/planeta/front/, en http://cvc.instituto-camoes.pt/area-aprender e en http://www.portuguesparanos.com/login/index.php ou Lusopatia.

Para a recompilación de todo este material e o seguimento diario da disciplina, utilizaremos a aula virtual "Edmodo" (ao igual que en anos anteriores). No caso de 1º de ESO, aínda que non existe libro dixital de portugués, tentaremos empregar a plataforma de Edixgal. Destacar que na aula de Edmodo, as familias poden tamén abrir un perfil para facer o seguimento diario dos seus fillos e fillas.

Destacar xa, para acabar, que cada día a aula comeza co sumário do que será feito nesa sesión. Deste modo, non só o alumnado presente sabe o que se vai facer nos 50 minutos, senón que, se por calquera motivo non puidesen asistir á aula, poden conferir aquí o que foi feito ou mesmo traballar ao mesmo tempo que os colegas.

# 7. Avaliación.

## 7.1. Avaliación inicial

Realizarase no inicio do curso -no mes de outubro- para verificar o nivel, as especificidades e as necesidades do alumnado, co fin de orientar adecuadamente o proceso de ensino-aprendizaxe, nomeadamente en 1º de ESO que é o nivel en que recibimos alumnado novo. Para alén de detectar o nivel de proficiencia en lingua portuguesa, esta prospección inicial visa coñecer tamén o grao xeral de competencia lingüística e comunicativa e a lingua de uso habitual do alumnado e do seu medio familiar e social.

A avaliación asentará, no relativo á oralidade, na conversa do profesorado co alumnado e, para a compresión oral, nunha proba adecuada ao coñecemento que se presupón no nivel en que se inicia. Para a comprensión e expresión escritas, realizarase tamén unha proba sinxela, con similares características.

## 7.2. Avaliación continua

A avaliación será formativa e cualificativa. A formativa será aplicada ao longo de cada período de tres maneiras: continuada informativa, autoavaliación informativa e co-avaliación informativa. En cada avaliación realizarase unha cualificativa, o mesmo que nas convocatorias extraordinarias.

Debe ser entendida como un instrumento para verificar e valorar o grao de competencia comunicativa do alumnado, como unha ferramenta que ofrece información e permite reflexionar sobre todo o proceso de ensino-aprendizaxe. Neste departamento, a avaliación continua será feita pola profesora e polo alumnado (autoavaliación e co-avaliación).

## 7.3. Instrumentos de avaliación:

### 7.3.1. Probas

Unha ou varias en cada avaliación considerando as diferentes destrezas (comprensión/ expresión escrita e competencia estrutural; comprensión oral e expresión oral) con adecuación aos bloques de contidos e estándares de aprendizaxe.

No caso do alumnado de 4º de ESO que no curso pasado, debido ao confinamento, non puido facer o teste do libro de lectura, deberá facelo este ano académico no primeiro trimestre do curso.

### 7.3.2. Produtos.

- Pequenas probas ou testes, tarefas, actividades e exercicios de aula.
- Interacción oral co profesorado e cos colegas, real ou de simulación (comprar-vender, pedir...).
- Debates, exposicións orais...
- Proxectos e traballos colaborativos ou individuais, composicións, comprensións orais e escritas, actividades de expresión orais e escritas, lecturas ...

### 7.3.3. Observación

- Vontade de aprender; progresión e avances.
- Participación e colaboración.
- Materiais: adecuación, organización, presentación… (en cada avaliación, no mínimo, realizarase un control do caderno de traballo).
- Mediación, máxime cando os niveis do alumnado son diferentes.

**É importante** considerar que, en todos os bloques de contidos, se valorará a actitude do alumnado, interese, respecto, puntualidade, o traballo na clase, deberes, material etc.

En todos os cursos, os estándares de aprendizaxe son xerais; é tarefa de aula relacionalos cos contidos de cada unidade. Tamén é preciso considerar que, a pesar de cada unidade presentar contidos novos e tratándose dunha lingua, os coñecementos previos non se poden esquecer pola necesidade tanto para a produción como para a comprensión lingüística. Serán avaliábeis sempre, ao longo do ano lectivo.

Non se avalía unicamente un resultado positivo ou negativo na realización dunha tarefa. Avaliar non só é cualificar. Alén diso, non só as catro destrezas serán obxecto da avaliación continuada. Tamén o conxunto da competencia lingüística, comunicativa, interferencias lingüísticas, léxico e mediación será avaliado a través de probas, tarefas e actividades *ad hoc* (con uso da lingua escrita e oral) ou tamén por medio das probas, tarefas e actividades habituais de comprensión e de expresión (oral, escrita ou ambas).

A avaliación continua será aplicada constantemente á lingua oral (expresión, comprensión e interacción) pois a cada momento das intervencións do alumnado nas aulas a profesora fará microavaliacións informativas (expresións do tipo "muito bem", "ótimo", "tem de pronunciar as sonoras", "quando for, não quando seja", "vaia não, é vá"... ou repetir unha palabra ou secuencia para o alumnado se autocorrixir...). Dunha maneira un pouco menos rápida en aplicación de resultados, mais tamén en acto de avaliación continua será a anotación de resultados de expresión e interacción orais, co obxectivo de avaliar aspectos relativos á competencia na oralidade, nas intervencións nas aulas, en debates, en actividades de simulación, etc.

## 7.4. Criterios de cualificación

**Cun 80% da nota :**

A media dos resultados das probas obxectivas para medir o grao de consecución dos contidos esixíbeis en cada curso, aplicados ás diferentes destrezas: *escribir, falar, ler e escoitar.* No mínimo, farase unha proba en cada avaliación que demostre o coñecemento das diferentes destrezas: proba de comprensión/expresión escrita e competencia estrutural; proba de comprensión oral; proba de expresión-interacción oral. Sempre se adecuarán aos bloques de contidos e estándares de aprendizaxe.

- No caso de obter en 2 probas menos do 25% do valor total da mesma, a avaliación non poderá ser aprobada
- Caso se detecte o uso de métodos fraudulentos nalgunha das probas, a cualificación da proba en cuestión será de 0 e a avaliación non poderá ser aprobada.

**Cun 20% da nota avaliaranse os Produtos (10%) e o observado pola profesora no día a día (10%):**

- Produtos

- Lecturas, proxectos, redaccións ou actividades requiridas ou propostas, realizadas puntualmente, limpas e axustadas ao tema que se propuxo. Probas puntuais menores, lecturas, preguntas en clase, etc.
- Traballo diario do alumnado en clase, incluída a súa participación activa e colaboración nas actividades propostas.
- Vontade de aprender: progresión nas diferentes destrezas

- Observación:

- Puntualidade e respecto a todos os membros da comunidade educativa, ao material común e ao particular.
- Mediación entre compañeiras e compañeiros
- Asistencia a clase co material necesario para traballar (apuntamentos propios ou material entregado polo profesorado, caderno, bolígrafo, etc).
- Limpeza, orde e puntualidade no seu traballo diario.

Sendo continua a avaliación, non se realizarán, salvo ao final do curso para os bloques de comprensión e produción de textos escritos, probas específicas para a recuperación de exames ou avaliacións. Cada nova proba ou avaliación suporá unha actualización (recuperación) do anterior.

Aquelas persoas que non superasen a 3ª avaliación, poderán optar a unha proba escrita final. Consideramos que a expresión e comprensión oral non son recuperábeis nun tempo tan breve como o que media entre as probas da terceira avaliación e a de recuperación; é por iso que non existirá un exame específico para as recuperar. A nota da proba escrita suporá a das partes equivalentes da 3ª avaliación e, por tanto, computará como tal na nota media final, conforme se explica nos criterios de cualificación.

Nas diferentes avaliacións, cando a nota media non corresponder a números enteiros, redondearase para o número inmediatamente superior ou inferior, segundo supere ou sexa inferior ao medio punto.

## 7.5. Avaliación final

A nota da avaliación final será similar, no xeral, –e non inferior- á da 3ª avaliación, podendo superala até nun punto, no caso de o alumnado manifestar unha clara tendencia de superación continuada ao longo do ano académico.

Na cualificación final, cando a nota media da terceira avaliación non corresponder a números enteiros, redondearase para o número inmediatamente superior ou inferior, segundo supere ou sexa inferior ao medio punto.

### 7.5.1. Avaliacións extraordinarias

Nestas avaliacións, tanto en xuño como en setembro, a cualificación basearase nunha proba de comprensión/expresión escrita e competencia estrutural, e de comprensión/expresión-interacción oral de acordo aos bloques de contidos e estándares de aprendizaxe. O resultado constituirá o 100% da nota da avaliación.

Caso se detecte o uso de métodos fraudulentos na realización da proba, a cualificación da mesma será de 0 e a avaliación non poderá ser aprobada.

**Materias pendentes de cursos anteriores**

No presente ano académico, non temos alumnado nesta situación.

## 7.6. Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente

Durante o ano académico farase un seguimento regular da programación e, ao final de cada avaliación, avaliarase:

- O cumprimento da temporalización
- Logro dos obxectivos

- Dificultades encontradas
- Idoneidade dos recursos
- Necesidades detectadas
- Resultados conseguidos
- Adecuación da metodoloxía aos resultados conseguidos na avaliación
- Valoración dos criterios de cualificación

Con este fin, responderanse, regularmente os diferentes Indicadores de logro, conforme o cadro que presentamos na páxina seguinte.

Alén diso, no fin do ano académico, pedirase ao alumnado para responder un inquérito sobre o desenvolvemento da práctica docente.

Na Memoria de final de curso, analizaranse as deficiencias e adecuación, segundo o caso, observadas á hora de pór en práctica a programación.

Canto aos Indicadores de logro, a medida estabelecerase entre o 1 e o 5, do seguinte xeito:

- Nunca (1)
- Poucas veces (2)
- A miúdo (3)
- Case sempre (4)
- Sempre (5)

Estes cubriranse cos resultados da enquisa para a ***Avaliación do Labor Docente*** realizada polo alumnado de xeito anónimo, a través dun formulario virtual.

### 7.6.1. Indicadores de logro do proceso de ensino

| **INDICADORES** | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| 1. O nivel de dificultade, en xeral, foi adecuado ás características do alumnado. | | | | | |
| 2. As actividades para desenvolver a competencia oral eran axeitadas para o curso- | | | | | |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| grupo | | | | | |
| 3. As actividades para desenvolver a competencia escrita eran axeitadas para o curso-grupo | | | | | |
| 4. Combinouse adecuadamente explicación por parte da profesora e práctica. | | | | | |
| 5. As actividades foron, en xeral, motivadoras | | | | | |
| 6. Combináronse axeitadamente as actividades TIC con actividades tradicionais | | | | | |
| 7 As actividades TIC resultaron motivadoras | | | | | |
| 8. O emprego de música e de vídeos-musicais axudou no proceso de aprendizaxe | | | | | |
| 9. O emprego de filmes axudou no proceso de aprendizaxe | | | | | |
| 10. Os textos escritos e diferentes fichas entregadas axudaban no proceso de aprendizaxe | | | | | |
| 11. Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado. | | | | | |
| 12. Usáronse distintos instrumentos de avaliación para atender os diferentes aspectos. | | | | | |

### 7.6.2. Indicadores de logro do proceso da práctica docente

Para o profesorado:

| DIMENSIÓNS | INDICADORES | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| **Planificación** | 1. Ten en conta os estándares de aprendizaxe. | | | | | |
| | 2. Ten en conta os plans e proxectos educativos do centro. | | | | | |
| | 3. Ten en conta o tempo dispoñíbel para o desenvolvemento da materia. | | | | | |
| | 4. Formula os obxectivos didácticos de forma que expresen as competencias a acadar polo alumnado. | | | | | |
| | 5. Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe e das necesidades do alumnado. | | | | | |
| | 6. Planifica as clases de modo flexíbel, preparando actividades e | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado. | | | | | |
| | 7. Estabelece, de forma explícita, os criterios, procedementos e instrumentos de avaliación. | | | | | |
| | 8. Coordínase co resto do profesorado do departamento e do centro que poidan ter contidos afíns (Tratamento Integrado de Linguas). | | | | | |
| | 9. Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos na normativa legal vixente. | | | | | |
| **DIMENSIÓNS** | **INDICADORES** | **1** | **2** | **3** | **4** | **5** |
| **Desenvolvemento** | 1. Organiza os contidos dando unha visión xeral de cada tema (índices, esquemas...) | | | | | |
| | 2. Relaciona os conceptos novos cos xa coñecidos. | | | | | |
| | 3. Mostra predisposición para esclarecer dúbidas dentro e fóra das clases. | | | | | |
| | 4. Optimiza o tempo dispoñíbel para o desenvolvemento das Unidades didácticas. | | | | | |
| | 5. Utiliza as TICs para apoiar os contidos na aula. | | | | | |
| | 6. Promove o traballo cooperativo e mantén unha comunicación fluída co alumnado. | | | | | |
| | 7. Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensíbel para os alumnos e as alumnas. | | | | | |
| | 8. Elabora actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe. | | | | | |
| | 9. Presenta actividades de grupo e individuais. | | | | | |
| | 10. Facilita estratexias de aprendizaxe (como buscar información, como resolver problemas,…) | | | | | |

| | | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 11. Detecta os coñecementos previos a cada tarefa de aprendizaxe. | | | | | |
| | 12. Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela. | | | | | |
| | 13. Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como poder melloralas. | | | | | |
| | 14. Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades do alumnado e dá pautas para a mellora das súas aprendizaxes. | | | | | |
| | 15. Utiliza sistematicamente procedementos e instrumentos variados de recollida de información. | | | | | |
| | 16. Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos e das competencias clave. | | | | | |
| | 17. Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación. | | | | | |
| | 18. Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente. | | | | | |
| | 19. Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia. | | | | | |
| | 20. Informa dos resultados os estudantes e as súas familias | | | | | |
| **DIMENSIÓNS** | **INDICADORES** | **1** | **2** | **3** | **4** | **5** |
| **Motivación ao alumnado** | 1. Proporciona un plan de traballo ao principio de cada tarefa. | | | | | |
| | 2. Utiliza distintos recursos para introducir a unidade (lecturas, cancións, vídeos, debates, diálogos...). | | | | | |
| | 3. Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade. | | | | | |
| | 4. Informa sobre os progresos acadados e as dificultades detectadas. | | | | | |
| | 5. Relaciona os contidos e actividades cos intereses do alumnado. | | | | | |
| | 6. Estimula a participación activa dos estudantes na clase. | | | | | |

| | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | 7. Promove a reflexión sobre os temas tratados. | | | | | |

Para o alumnado:

| **INDICADORES** | **1** | **2** | **3** | **4** |
|---|---|---|---|---|
| • Fago con regularidade as tarefas propostas polo profesorado. | | | | |
| • Entrego os traballos segundo as indicacións dadas polo profesorado e na data acordada | | | | |
| • Participo activamente (achego ideas, axudo a resolver problemas, realizo a miña parte do traballo) nos traballos propostos en equipo. | | | | |
| • Pregúntolle ao profesorado as dúbidas.. | | | | |
| • Solicito a axuda e a aprobación frecuente do profesorado. | | | | |
| • Estou satisfeito do meu traballo | | | | |
| • As cualificacións obtidas reflicten o meu esforzo e traballo. | | | | |
| • Asisto regularme a clase. | | | | |
| • Teño frecuentemente faltas de puntualidade | | | | |
| • Xustifico os meus retrasos e faltas de asistencia ao/á titor/-a | | | | |
| • Preocúpome por poñerme ao día na materia cando falto a clase. | | | | |
| • Adopto unha actitude respectuosa co profesorado. | | | | |
| • Adopto unha actitude respectuosa co alumnado. | | | | |
| • Asumo responsabilidades. | | | | |
| • Teño unha actitude positiva cara ao estudo | | | | |
| • O que aprendo nunha materia aplícoo e relaciónoo con outras. | | | | |

**Código:** *1 (nunca); 2(poucas veces); 3 (case sempre), 4(sempre).*

## 7.7. Avaliación da programación didáctica

A programación didáctica vaise revisar segundo se vaian acabando as diferentes unidades didácticas, mais tamén durante a implementación das mesmas, xa que nos podemos deparar con determinados contidos que é preciso acrecentar ou eliminar segundo se foren desenvolvendo as diferentes unidades.

No momento da revisión, ao detectárense necesidades, pasaranse a incluír actividades para potenciar a oralidade, a escrita ou os contidos socioculturais que virmos necesarios.

| Indicadores | 1 | 2 | 3 | 4 | 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| 1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo. | | | | | |
| 2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos. | | | | | |
| 3. O desenvolvemento da programación responde á secuenciación e á temporalización previstas. | | | | | |
| 4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos. | | | | | |
| 5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar. | | | | | |
| 7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación. | | | | | |
| 8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver. | | | | | |
| 9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento. | | | | | |
| 10. Fixación dunha estratexia metodolóxica común co resto de departamentos de linguas (TIL) | | | | | |
| 11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados. | | | | | |
| 12. Adecuación das pautas xerais estabelecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc. | | | | | |
| 13. Adecuación dos criterios estabelecidos para a avaliación final | | | | | |
| 14. Adecuación dos criterios estabelecidos para a avaliación extraordinaria. | | | | | |
| 15. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas. | | | | | |
| 16. Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos. | | | | | |
| 17. Adecuación dos mecanismos para informar as familias sobre os criterios de promoción. | | | | | |
| 18. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso. | | | | | |
| 19. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro. | | | | | |
| 20. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia. | | | | | |
| 21. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. | | | | | |
| 22. Adecuación dos criterios estabelecidos para a avaliación desas materias pendentes. | | | | | |
| 23. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar. | | | | | |
| 24. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares. | | | | | |
| 25. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE. | | | | | |

## 8. Atención á diversidade

Cada vez máis contamos nas nosas aulas cun maior número de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE). Segundo o *Decreto 86/2015* debemos incluír dentro desta denominación aqueles alumnos e alumnas que:

- Presenten dificultades específicas de aprendizaxe.
- Teñan trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- Teñan altas capacidades intelectuais.
- Se viron obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- Posúan condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

A diversidade queda tamén reflectida nas diferenzas que presentan alumnas e a alumnos canto a:

- Os seus coñecementos previos.
- As súas ideas e representacións respecto da materia.
- Os seus intereses e expectativas.
- As súas aptitudes.
- Os seus diferentes ritmos de aprendizaxe.
- Os seus diferentes estilos de aprendizaxe.

Na medida das nosas posibilidades, teremos en conta estas diferenzas e trataremos de que todo o alumnado adquira un nivel de coñecementos e destrezas mínimos ao final e cada curso, procurando dar as oportunidades e os medios necesarios para compensar os elementos e destrezas non adquiridos no seu momento. Ao mesmo tempo, o profesorado terá que buscar novas fontes e materiais para satisfacer as necesidades de ampliación daqueles alumnos que alcancen máis rapidamente os obxectivos fixados. Todo isto compaxinando métodos máis visuais, máis analíticos... para se adaptar a eses diferentes estilos de aprendizaxe de que falábamos.

Ante un alumno ou alumna que presenta algún tipo de dificultade, a profesora deberá pensar na forma de o axudar a superar as súas dificultades, cobrando especial importancia as actitudes relacionadas coa valoración que o alumnado fai sobre a súa capacidade de utilizar e entender a lingua. O desenvolvemento dos hábitos de traballo pode

contribuír notabelmente a superar moitas dificultades que se encontran na aprendizaxe da lingua estranxeira.

Consideramos que a aprendizaxe de linguas estranxeiras contribúe á formación educativa do alumnado desde unha perspectiva global, favorecendo o desenvolvemento da súa personalidade, tendo en conta as distintas capacidades e ritmos de aprendizaxe, compensando as desigualdades e axudando á integración social.

Sintetizando, os principios básicos para o tratamento co alumnado con NEAE parten da inclusión na aula, da non discriminación e da igualdade efectiva. Para favorecer o cumprimento destes principios as actividades de aprendizaxe integradas responderán a tipoloxías e agrupamentos variados –favorecendo en moitos casos os agrupamentos flexíbeis– e gradadas en dificultade. No caso de que sexa preciso o profesorado elaborará materiais adaptados, así como probas específicas.

**O alumnado con necesidades específicas** terá unha adaptación destes instrumentos conforme as súas necesidades. Basicamente esta adaptación consistirá:

- Exames escritos máis curtos, con preguntas breves, cerradas, claras e con vocabulario o máis sinxelo posíbel. No entanto, estes exames teñen que ir adaptados ao nivel de estudos que cursa o alumno/a.
- Deixar máis tempo para a os exames e probas escritas, ser flexíbeis na súa duración e mesmo dividilas en dúas sesións
- Cando se observa que os exames escritos fican incompletos, completalos de forma oral

## 8. Actividades complementarias e extraescolares

No caso de que a situación sanitaria mellorase e fose posíbel, participaríamos das actividades que poidan xurdir na cidade relacionadas co mundo da lusofonía (teatro, charlas, músicas). Caso contrario, non podemos pensar en actividades extraescolares para este curso académico.

# 9. Plan de lectura

Un obxectivo primordial no ensino de linguas é formar lectores e lectoras competentes, isto é, que lean comprensivamente, que saiban interpretar o que len, que sexan capaces de emitir xuízos críticos, que reformulen e transformen contidos, que escriban para expresar e comunicar.

Así, a profesora deste departamento empregará na aula os tres tipos principais de lectura, aplicábeis a todo tipo de documento escrito, sexa cal for o formato ou soporte (libro, álbum, revista, xornal, páxina web, vídeo, folleto...):

- Lectura previa ou de aproximación global ao tema. Convén dar certas claves de lectura (estrutura do tema, preguntas ás que pretende responder o tema, interrelacións entre conceptos e contexto...).
- Lectura lenta e minuciosa para comprender as partes do texto . A intervención e colaboración do profesor é moi importante. É conveniente ler co alumnado e traballar os textos en clase por medio do subliñado, esquemas, resumos, mapas conceptuais...
- Lectura de síntese ou asimilación para elaborar de forma persoal e reter significativamente os conceptos e as súas relacións.

É importante subliñar que a lectura en voz alta -primeiramente por parte do profesorado- facilita a comprensión lectora e axuda a mellorala, máxime no caso do ensino do portugués.

Por outra parte, a escrita constitúe unha dimensión fundamental da lectura comprensiva e non é exaxerado afirmar que o acto de escribir convértese, cando é consciente, no modo máis operativo de comprender. Escribir permite o coñecemento sobre o contido temático e sobre o propio coñecemento. Dito doutro modo, unha persoa asimila mellor algo cando é capaz de expresar por escrito o que sabe.

É por iso que, nas nosas aulas, trataremos de incentivar a realización de traballos de investigación breves en que o alumnado deberá buscar, seleccionar e tratar a información para responder ao reto proposto pola docente ou polo grupo e o docente.

Neste tipo de traballos, a profesora explicará claramente o que se pretende con eles e o que espera do alumnado, para o cal lle proporcionará, no mínimo:

- Un roteiro que conteña os aspectos a tratar.
- A bibliografía a consultar, tanto se se trata de documentos impresos, como se son páxinas web.
- Unha explicación do formato en que quere que se lle presente o resultado do traballo e as normas de presentación do mesmo.

Segundo a adecuación do material textual da biblioteca do centro, a profesora escollerá o que considerar máis oportuno, as obras literarias que seguen en Anexo ou outras que se estimen, poden ser unha opción.

En anexo e no intuito de compensar as carencias da biblioteca do centro, incluímos un listado de posíbeis lecturas en diferentes formatos, acompañado de algúns recursos complementares para a lectura.

## 9.1. Anexo. Suxestións de lecturas. Recursos

**Posíbeis lecturas. Recursos**

### 9.1.1. Recursos na net

**Acesso a livros digitais**

• Livros digitais gratuítos em português:

http://lerebooks.wordpress.com/ebooksgartuitos/

• Plano nacional de leitura (PNL).

http://www.planonacionaldeleitura.gov.pt/escolas/livrosrecome

ndados.php?idLivrosAreas=4

• Biblioteca digital:

http://www.planonacionaldeleitura.gov.pt/bibliotecadigital/in

dex.php?idades=4

(Aqui, alguns livros para ler e escutar on line).

• Biblioteca digital Camões:

Inclui muitos livros em pdf para descarregar. Tem uma secção de livro infantil.

**http://cvc.institutocamoes.pt/conhecer/bibliotecadigitalcamoes.Html**

• Domínio Público: site brasileiro com livros acessíveis online. Clicando em "literatura infantil em português", acedemos a mais de 20 títulos em pdf.

**http://www.dominiopublico.gov.br/pesquisa/PesquisaObraForm.jsp**

• Download de vários contos do Diário de Notícias: http://www.dn.pt/Especiais/bibliotecadigital.aspx (São contos assinados por autores contemporâneos. Só faz falta inscreverse no portal do jornal para ter acesso aos textos).

• Contos fantásticos de clássicos:

http://riesemberg.blogspot.com.es/search/label/Charles%20Dickens

• Textos diversos:

http://www.recantodasletras.com.br /

**Sites e blogues sobre livros**

• Casa da leitura

**http://www.casadaleitura.org/**

A Casa da Leitura, da Fundação Calouste Gulbenkian, fornece 2 vastas referências bibliográficas sobre leitura em geral e recensões de mais de 1400 títulos de literatura infantil e juvenil. Os contactos das pessoas responsáveis constam no site, e podem ser de alguma utilidade na hora de estabelecer contactos com clubes de leitura em Portugal.

• Portal da Literatura:

http://www.portaldaliteratura.com/

Informação sobre livros e autores.

• Serviço de apoio à leitura, do Ministério da Cultura

http://sal.iplb.pt/Recursos.php

• Um local onde ler e trabalhar com leituras: Catalivros

• A praça da poesia

**http://pracadapoesia.blogspot.com/**

• Letra pequena: blogue de literatura para crianças.

**http://blogues.publico.pt/letrapequena/**

• Centro de recursos e investigação sobre literatura para a infância e juventude.

http://www.boasleitu r **as.com/Escritores.ht m**

• Bedeteca de Lisboa: inclui assessoramento para criar uma secção de banda desenhada numa biblioteca.

http://www.bedeteca.com/

• Segredo dos livros

http://www.segredodoslivros.com

• O bicho dos livros: sugestões para leituras infantis, juvenis, álbum ilustrado, etc.

http://www.obichodoslivros.blogspot.com.es/

• Site dedicado aos livros das autoras de literatura infanto-juvenil Ana Maria Magalhães e Isabel Alçada:

http://www.umaaventura.pt/

• Lista de blogues literários:

http://www.lendo.org/200blogsliterarios/

### 9.1.2. Livros que já foram usados por algum clube de leitura ou em contexto de aulas com bons resultados

• Astrid Lingren: *Emílio dentro da terrina.* As seguintes ligações dão acesso ao texto e áudios:

https://www.box.com/shared/ucrtvssede (texto)

https://www.box.com/shared/92ov9t7bub (na voz da atriz Rita Branco)

http://emiliodentrodaterrina.blogspot.com.es/2010/08/lancamentodoaudiobookcomruiunas.html (Na voz do autor Rui Unas)

https://www.box.com/shared/kt53am6eja (Em banda desenhada)

• Ana Mª Magalhães e Isabel Alçada: *Uma aventura em Lisboa, Uma aventura na escola*

• Francisco José Viegas: *Morte no Estádio.*

• José Mauro Vasconcelos: *Meu Pé de Laranja Lima*.

• Geronimo Stilton: *O mistério da ilha esmeralda*

• Leo Lionni: *Frederico* (Álbum ilustrado).

• Mário de Carvalho: *Casos do Beco das Sardinheiras.*

• Miguel Torga: *Contos da Montanha.*

• Miguel Torga: *Bichos.*

• Pepetela, *O planalto e a estepe.*

• Pepetela, *A montanha de água lilás.*

• Ondjaki: *Bom dia Camaradas.*

• Rui Zink: *Um romance e Amanhã chegam as águas*. O primeiro relato pode conseguirse aquí: http://www.dn.pt/Especiais/bibliotecadigital.aspx

O segundo está incluído na coletânea *Onde a terra acaba*, disponibilizada na Biblioteca Virtual do Instituto Camões.

• Sophia de Mello Breyner Andresen, *A menina do mar.*

• Sophia de Mello Breyner Andresen, *O Cavaleiro da Dinamarca.*

### 9.1.4. Sugestões de literatura infanto-juvenil

(pode dar jeito para iniciantes em português)

• Sophie Strady (texto) e Anouck Boisrobert/Louis Rigaud (ilustração): *Na floresta da preguiça.* Bruá editora.

Tem atividades aqui:

http://www.bruaa.pt/actividades/actvidadesfloresta.pdf

• Ana Pessoa/Bernardo Carvalho: O *Caderno Vermelho da Rapariga Karateca*. Planeta Tangerina ( Album ilustrado).

• Leo Lionni: *Frederick*. Kalandraka

• Isabel Minhós Martins/Bernardo Carvalho: *A grande invasão.*Planeta Tangerina (Livro ilustrado).

• Isabel Minhós Martins/Yara Kono: *A manta. Uma história aos quadradinhos.* Planeta Tangerina.

• Menena Cottin e Rosana Faría: O *livro negro das cores.* Bruá ed**.**

• Mia Couto: *O Beijo da Palavrinha.* Bertrand ed.

• Manuel Jorge Marmelo e Maria Miguel Marmelo (texto), Simona Traina (ilustração): *A menina gigante.* Campo das Letras

• Maria Teresa Maia Gonzalez: *A lua de Joana*. Audiolivro: http://luadejoana.podomatic.com/

### 9.1.5. Sugestões de banda desenhada e manga educativo

Ykids: *Marie Curie* Ed. Bertrand

Ykids: *Mahatma Ghandi* Ed. Bertrand

Ykids: *Einstein* Ed. Bertrand

### 9.1.6. Dicionários online recomendados para apoiar a leitura em português.

#### *9.1.6.1. Dicionários Monolingues:*

**www.priberam.pt**

Português europeu. Excelente ferramenta com dicionários, corretores, conjugadores, etc.

**www.infopédia.pt**

Dicionário mono e multilingue disponibilizado pela Porto Editora

http://www.estraviz.org/

Dicionário online da variedade galega do português.

http://michaelis.uol.com.br/

Variedade brasileira.

http://www.dicionariodoaurelio.com/

Variedade brasileira.

### *9.1.6.2. Dicionários bilingues:*

**www.wordreference.com**

Inclui informação de Portugal e do Brasil. Mostra numerosas soluções

**www.infopédia.pt**

Ao clicar em “22 dicionários) abre-se um menu com dicionários de todo o tipo. Nos bilingues, tem menos informação do que o Wordreference, mas neste caso as equivalências correspondem ao português europeu.

### *9.1.6.3. Linguagem informal:*

**http://www.dicionarioinformal.com.br/**

Este dicionário inclui vocabulário informal que às vezes não consta nos anteriormente referidos.